

A Asociación OF Outono Fotográfico, a Xunta de Galicia (governo galego) e a Deputación de Lugo (governo provincial de Lugo) convocam o XII PRÉMIO GALIZA DE FOTOGRAFIA CONTEMPORÂNEA, de acordo com o seguinte

## REGULAMENTO

### **PRIMEIRO** | *Objetivo*

Promover a fotografía contemporânea e as cuestións éticas que suscita, en xeral, a arte contemporânea en relación ás formas de dominación e à imposición de límites ao pensamento. Promover a creación de un espazo fotográfico na Galiza que complemente o creado durante máis de tres décadas polo Festival Outono Fotográfico mediante o incentivo de propostas de carácter visual-fotográficas por parte de autores/as tanto nacionais como estranxeiros.

Poderá participar calquera autor ou autora que traballe con fotografía, independentemente da súa nacionalidade, tendo en conta que no veredicto do Xúri pesará de modo especial a súa inserción no discurso da fotografía contemporânea.

### **SEGUNDO** | *Prémio*

Será concedido un único premio consistente na PRODUCCIÓN DE UMA EXPOSIÇÃO e/ou na PUBLICACIÓN DE UM LIVRO.

#### **1. PRODUÇÃO DE UMA EXPOSIÇÃO**

Com o proxecto fotográfico premiado, será producida unha exposición temporaria que será inaugurada entre os meses **de decembro de 2024 e febreiro de 2025**. As características técnicas serán fixadas pola organización do certame en función da propia obra e do límite orçamental. **A exposición será producida pola «Asociación OF. Outono Fotográfico», que nomeará un curador responsable polo design, edición e dimensionamento da mesma.**

#### **2. PUBLICACIÓN DE LIVRO**

Poderá ser editado un libro que fará parte da serie «PREMIO GALICIA DE FOTOGRAFIA CONTEMPORÂNEA» da colección «OF» **do selo editorial Difusora de Letras, Artes e Ideas, editorial que nomeará o/a editor/a e o/a designer do libro**, que será distribuído nas livrarias.

**ITINERÂNCIA.** A exposición será inaugurada en Lugo e poderá itinerar durante dous anos. Tamén poderá facer parte da programación elaborada para ese efecto tanto pola Deputación de Lugo (governo provincial de Lugo) como pola Xunta de Galicia (governo galego).

### **TERCEIRO** | *Características do proxecto a presentar*

Os/as autores/as participantes deberán presentar un proxecto fotográfico realizado en calquera data comprendida entre **setembro de 2014 e setembro de 2024**, que non tenha sido

subvencionado ou financiado na súa totalidade anteriormente noutro certame, nem editado na súa totalidade en calquera soporte, con inteira liberdade quanto ao tema e à técnica.

#### **QUARTO** | *Prazo de presentación e condicións*

O prazo de presentación das obras será de **24 de xullo a 15 de setembro de 2024**.

Os proxectos serán presentados a través da plataforma <https://site.pictor.com/premiogalicia-2024>.

#### **QUINTO** | *Documentación a presentar*

- 1.** Sinopse e/ou texto autoral de no máximo 2.500 caracteres. Poderá conter links para o site da autora ou autor, vídeos, outras imaxes do proxecto presentado ou outros proxectos.
- 2.** Un máximo de 15 imaxes do proxecto. As imaxes deberán ter polo menos 3.000 pixels na súa maior dimensión, en formato JPG.
- 3.** Biografía da autora ou autor con no máximo 1.500 caracteres. Pode conter links para sites, redes sociais ou para un CV ou BIO ampliada.

#### **SEXTO** | *Composición do Xuí.*

1 persoa nomeada pola Xunta de Galicia [entidade patrocinadora]

1 persoa nomeada pola Deputación de Lugo [entidade patrocinadora]

Vítor Nieves. Curador, profesor, editor e fotógrafo. Coordinador do Prémio.

Xosé Lois Vázquez. Fotógrafo, designer e editor. Presidente da «Asociación OF. Outono Fotográfico».

Elina Heikka. Historiadora de arte e directora do The Finnish Museum of Photography (Helsínquia).

Jokin Aspuru. Gestor e produtor cultural, director do festival Getxophoto (País Basco).

Elisa Noronha Nascimento. Museóloga, investigadora e profesora. Curadora na Bienal de Arte de Cerveira (Portugal).

Secretario/a con voz mas sem voto: Pablo Sanchez Prieto, secretario da «Asociación OF. Outono Fotográfico»

#### **SÉTIMO** | *Proceso de selección de obras e publicidade do veredicto*

O Xuí fará a **selección de cinco proxectos, que serán os finalistas**. Os nomes dos autores ou autoras **serán publicados no día 23 de setembro de 2024** em [www.outonofotografico.com](http://www.outonofotografico.com) e nas redes sociais da «Asociación OF. Outono Fotográfico». A selección será realizada tendo em conta a linguagem visual do autor ou da autora, a qualidade fotográfica e a contemporaneidade.

**48 horas depois**, o Xuí designará o vencedor ou vencedora de entre os/as finalistas, e o seu

nome será publicado nos mesmos canais mencionados acima.

O veredicto do Júri será inapelável. A organización só contactará directamente com o autor ou autora vencedor/a.

#### **OITAVO** | *Realización do projeto*

A vencedora ou vencedor compromete-se a entregar o conxunto de imaxes, textos ou obxectos que conformen o seu projeto **antes do día 7 de outubro de 2024**. A organización poderá contactar a vencedora ou vencedor para supervisar o traballo realizado. A «Asociación OF. Outono Fotográfico» designará unha persoa que apoie ou supervise o projeto vencedor, bem como un curador para a posíbel exposición. Poderá ser solicitado à vencedora ou vencedor material adicional para incluír no posíbel libro a editar.

#### **NONO** | *Exposición e edición do libro*

A exposición será producida despois de ter entregado o traballo de forma que esteja **pronta para a súa inauguración após o día 20 de decembro de 2024**. Simultaneamente, **será preparado o libro**.

#### **DÉCIMO** | *Aceitación do Regulamento*

A participación no PREMIO GALICIA DE FOTOGRAFÍA CONTEMPORÁNEA implica a plena aceptación do presente regulamento e, no que nelas está previsto, estará-se ao que determinar o Júri, que terá unha decisión inapelável.